

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Coristanco para a financiación das actuacións na estación de tratamento de auga potable no Concello de Coristanco

1 Antecedentes

O Concello de Coristanco conta dende ano 1989 cun sistema municipal de abastecemento que lle da servizo ao redor dun 60% da poboación do Concello. Debido a antigüidade da Estación de tratamento de auga potable (ETAP) e ao seu uso intensivo as instalación atópanse en mal estado.

O 4 de febreiro de 2022 produciuse unha importante avaría na estrutura do falso chan do sistema de filtración que implica unha perda do 50% da súa capacidade e un risco elevado de perder o outro 50 % por sobrecarga. O 16 de febreiro de 2022 informouse dunha avaría na parte hidráulica do bombeo de alta, quedando operativa unha única bomba que non garante o caudal suficiente para abastecer o consumo da poboación.

Ante a situación de risco extremo de quedar sen abastecemento municipal, o 17.2.2022 a entidade local declarou a emerxencia das actuacións na ETAP do Concello Coristanco, para os efectos do disposto no artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e ordenou a execución inmediata das actuacións na ETAP.

O Concello ten solicitado á Xunta de Galicia apoio e colaboración na execución destas actuacións para acadar o funcionamento efectivo das instalacións no prazo máis breve posible.



2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Coristanco que permitan ao Concello asumir as obrigas económicas que se derivan da execución de actuacións na Estación de tratamento de auga potable no Concello de Coristanco.

As actuacións a realizar no ámbito deste convenio son as descritas na Memoria de actuacións na ETAP do Concello de Coristanco, a dirección facultativa da obra e a coordinación da seguridade e saúde.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do que a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas.

Entre estas competencias se atopa, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento.



A citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, atribúe no seu artigo 26 á Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma as competencias para a regulación e o outorgamento de auxilios económicos ás corporacións locais nas materias da súa competencia.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, citada, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia, citada, determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

4 Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a 766.084,81 €. Augas de Galicia financiará o 80% do importe total final das actuacións ata un máximo de 612.867,85 € con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital a corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2022.



Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(documento asinado dixitalmente)

